



San Martín de Suarna – San Martín de Suarna (San Martín) – A Fonsagrada, 1979-12

Informante: Florencio López Fernández, “o Cego dos Vilares” (65)

Compiladora: Dorothé Schubarth

Transcripción: Dorothé Schubarth e Antón Santamarina

I 70a

Teño tres estriguiñas,
teño tres estriguiñas,
teño que arrestelar
mira, Pepe,
teño que arrestelar.

O restelo está romo,
o restelo está romo,
non quere arrestelar
mira, Pepe,
non quere arrestelar.

O ferreiro co fizo,
o ferreiro co fizo,
heino de pasear
mira, Pepe,
heino de pasear.

O ferreiro vai fóra,
o ferreiro vai fóra,
a ferreira tamén,
mira, Pepe,
a ferreira tamén,

Van buscalos martelos
van buscalos martelos
i as ferreñas tamén
mira, Pepe,
as ferreñas tamén.

I eu perdérache o pano,
eu perdérache o pano,
i as follas del tamén
mira, Pepe,
as follas del tamén.

Eu perdín o xustillo,
i o cordón del tamén
mira, Pepe,
o cordón del tamén.

I eu perdérache as medias,
eu perdérache as medias,
i as liguiñas tamén
mira, Pepe,
as liguiñas tamén.



Non os perderas, nena,
non os perderas, nena,
que eu non son almacén
mira, Pepe,
que eu non son almacén.